

Pregón das Festas das San Lucas 2011

José María Barja

Reitor da Universidade da Coruña

Señor Alcalde, mindonienses e visitantes todos:

Cando o pasado 28 de setembro o señor alcalde me transmitiu a proposta da Comisión de Festas de que fose eu o pregoeiro das San Lucas 2011, ambos os dous estabamos na inauguración do congreso Mil e un Cunqueiro, organizado polo Consello Galego de Cultura e polas tres universidades do país.

O centenario do nacemento do noso egregio paisano tamén se lembra nesta edición dunhas festas que tanto lle agradaban a D. Álvaro, pregoeiro el mesmo en distintas ocasións. Este detalle pasou axiña pola miña mente, logo de aceptar o ofrecemento, un orgullo para calquera dos “nados baixo a Paula”, malia me asaltar as dúbidas sobre a miña capacitación para afrontar o reto.

Mais tamén lembrei que toda a miña familia, por ambas as ramas –paterna e materna- naceu aquí e que mesmo foi alcalde o meu tío paterno, quen escribira sobre o Mariscal Pardo de Cela.

Lembrei que fun advertido, desde neno, que Mondoñedo non é pobo nin vila, senón “Muy Noble y Leal Ciudad”...

... que debía saber que cada ano fai festa por unha feira singular e que, xunto con Santiago, Betanzos, Lugo, Ourense e, desde mediados do século XVI, Tui e A Coruña, era capital do Antigo Reino de Galicia...

... que desde 1959 a nosa catedral, do remate do século XII, fora declarada basílica polo Papa Juan XXIII...

... que, alá onde mo preguntan, proclamo que son mindoniense e que, por casualidades da vida, facilmente xorden arredor máis persoas nadas ou con fortes relacións coa nosa cidade.

Así me recoñecín como membro desa moi ampla comunidade de mindonienses que estatisticamente non se contan aquí, mais se definen e recoñecen por tales en moitos lugares de Galicia, de España e do estranxeiro.

A mellor definición de Mondoñedo quedou establecida por D. Álvaro no índice onomástico do seu “Merlín e familia”:

“Mondoñedo, cidade de Galicia, sonada polos bispos e polo cabalar das San Lucas, i onde naceu o señor Cunqueiro, que puxo en

formado istas historias. É rica en pan, en augas i en latín”.

Aí está recollido o longo percorrido histórico da festa que nos convoca, que tamén se salienta no cartel oficial.

Mais a percepción do tempo transcorrido é moi difícil de asimilar para os humanos.

O ano que naceu Cunqueiro, 1911, as San Lucas xa se celebraran 755 veces. Igualmente, xa pasaran máis de 650 edicións da festa cando os mariscais franceses Soult e Ney deixaban o seu nome inmortalizados nos tradicionais nomes dos cans galegos e mentres na asediada Cádiz o deputado Antonio Abadín y Guerra, elixido por Mondoñedo e Betanzos polo terzo do clero, participaba nas Cortes Xerais e Extraordinarias que proclamarían a Constitución o Día de San Xosé (o ano vindeiro conmemórase o 200 aniversario).

E podemos engadir que cando Shakespeare remata *A tempestade* en 1611 e Mondoñedo era o primeiro lugar de Europa onde se recollía millo, sementado por Magdalena de Luaces, esposa do ex-gobernador da Florida, aquí a feira cumpría 455 anos.

Ben está que celebremos os 800 anos da catedral de Santiago de Compostela se non esquecemos que, 55 anos antes, Alfonso VII, emperador de todas as Españas, xa

establecera o privilexio mindoniense. Arrimo a ascua á miña sardiña par pechar o repaso histórico con outro 800 aniversario: o da Universidade de Salamanca. Será dentro de sete anos e teñan por seguro que daquela lembrarei que 62 anos antes xa existía en Mondoñedo a festa do 18 de outubro.

A fascinación que producen os calendarios procede do seu papel de regulador da vida social e do seu pretendido esforzo por atrapar o tempo.

A celebración do evanxelista San Lucas no 18 de outubro –recoñecida tamén noutras confesións cristiás– marcaba unha desas referencia outonizas xa desde os tempos en que o común da xente nin sequera empregaba o sistema numérico para se referir ao día en que vivía.

O cambio do calendario, o paso ao que os anglosaxóns chaman *new style* desde o *old style*, o antigo calendario de Xulio César, permitiu axustar a deriva da data respecto do tempo astronómico, algo que aínda percibimos en que, para as comunidades ortodoxas, o día de hoxe é o 2 de outubro.

Foi precisamente tal día como hoxe de 1582 cando, ao tempo que en Ávila morría Teresa de Xesús, entraba en vigor nos países de obediencia papal a bula *Inter gravissimus* do **Papa Gregorio XIII**, que suprimía de golpe dez días do calendario. De aí vén que as “tareixas”

festexen a súa onomástica hoxe, en lugar do 5 de outubro.

A coincidencia das festas oficiais de distintos países coa data das San Lucas permite referenciar o seu pedigree e, como dicía Cunqueiro, “honrar os señores do tempo pasado”.

O Estado de Alasca celebra ese día a súa festa estatal, pois tal día de **1867** izouse alí por primeira vez a bandeira norteamericana, logo da súa adquisición a Rusia (xa ían **711** feiras de San Lucas). Por casualidade, ese mesmo día, 50 anos antes, Chile adoptou a súa bandeira oficial.

En Canadá recórdase o 18 de outubro de 1929 como o **Persons Day**, a data en que o British Privy Council revocou a Corte Suprema e declarou que baixo a lei as mulleres tamén eran persoas (e poderían votar).

E nesa data, aquí declarada Día de Ferrol, rememórase o **161** aniversario do nacemento do ferrolán Pablo Iglesias, fundador do PSOE e da UXT. Todo no día do patrón dos médicos e dos artistas (algúns engaden dos cirurxiáns, solteiros, carniceros, encadernadores, cervexeiros, escultores, notarios...), o médico compañeiro de San Paulo, nacido en Antioquía, hoxe Turquía.

Por se quedaban dúbidas do pedigree mindoniense, achados como os producidos en abril deste mesmo ano, cando se atoparon restos da muralla de 850 metros de perímetro levantada en 1320 para protexer a cidade, reafirmámonos na nosa posición.

Permítanme que lembre agora cando lin, contra o 1976, a tese de licenciatura de Fernando López Alsina, *Introducción al fenómeno urbano medieval gallego, a través de tres ejemplos: Mondoñedo, Vivero y Ribadeo*, que postulaba seis portas: da Vila, da Cruz, do Perexil, de Angustias, de Batiteles e outra máis entre estas dúas últimas.

Ese casco antigo, axiña desbordado malia non se derrubar as portas ata o século XIX, percíbese no mapa urbano actual, como poñía de manifesto o profesor Alsina, medievalista tan vinculado a Mondoñedo, casado coa mindoniense Pura López, alxebrista e compañeira de departamento na Universidade de Santiago, nun tempo en que tres dos seus membros eramos de aquí.

Con tanto falar do pasado non pretendemos seguir ao pé da letra a irónica proclama do humorista Andrés Rábado, *El Roto: Queremos un mellor futuro para o noso pasado!* Como moi ben expresaba a directora dos Frankfurter Kunstveirein, Chus Martínez, “a sociedade galega está afeita aso cambios, os galegos teñen sobrevivido a todo e sempre conseguen reinventarse.

Sempre se nos vincula cunha sorte de tremendismo nostáxico que nos remite ao pasado, cando os galegos temos unha cabeza que pensa no futuro”.

Mais, engado eu, tamén sabemos das dificultades, pois como nos advirte Jorge Wagensberg, “o pasado nítrese espontaneamente do futuro, mais para nutrir o futuro co pasado hai que investir toneladas de intelixencia”.

Cunqueiro quixo para Galicia mil primaveras máis, como reza o seu epitafio. Seguindo o seu desexo, é a nosa obriga conseguir que os outonos das San Lucas sigan a cumprir anos. De feito, non queda tan lonxe o luns 18 de outubro do Ano Santo Compostelán 2156, cando esta festa alcanzará o seu primeiro milenio.

Felices Festas !!!

Viva Mondoñedo !!!